

EXIXIMOS O IPC REAL E PENSIÓNS MÍNIMAS DIGNAS. REXEITAMOS A PRIVATIZACIÓN.

Manifesto da Xornada de Mobilización Estatal de Pensionistas do 12 de febreiro 2022.

As organizacións de pensionistas de diferentes Pobos e Comunidades do Estado Español asinantes deste manifesto, convocamos o 12 de febreiro unha nova mobilización conxunta e descentralizada, en defensa do sistema público de pensións e contra a nova reforma que pretende recortalo e deterioralo unha vez máis.

En 2015 baixo a presidencia de Rajoy pretendeuse reducir a revalorización anual das pensións a só un **0,25%**, esquecendo o artigo 50 da Constitución. A mobilización social dos pensionistas durante tres anos foi determinante para bloquear a aplicación do decreto que establecía esa mísera suba e, tamén, para acelerar a caída del goberno Rajoy. Ademais se restableceu o “**Índice de Prezos ao Consumo Anual Acumulado**” (“**IPC Acumulado**”, ou “**IPC Real**”) como índice para la revalorización anual das pensións. Este índice é o mellor sistema para medir as modificacións do custe da vida, e é o que sempre se usou en pensións e salarios.

Mais a **Lei 21/2021** que o actual goberno de coalición presentou ao Parlamento, e este aprobou por ampla maioría, **estableceu como referencia de revalorización anual das pensións ao chamado “IPC Medio”**, a media dos IPC dos 12 meses del año.

No momento actual, usar o “IPC Medio” no canto do “IPC Real” supón facer trampa. Supón rebaixar as pensións e reducir o poder adquisitivo dos pensionistas. No ano 2021, o incremento do “IPC Real” desde decembre de 2020 até novembro de 2021 (o ano contábel 2021 a efectos da revalorización) foi do 5,5%; sen embargo, o do “IPC Medio” foi só do 2,5%. O resultado de aplicar este novo indicador será **perder un 3% de poder adquisitivo nas pensións contributivas**. Por certo, un 3% en 2021 e outro 3% en 2022 xa que non haberá máis “paguiñas”. E todo isto cando máis da metade das pensións están por debaixo do salario mínimo, e máis de dous millóns y medio de persoas, a nivel estatal, reciben una renda que no supera os 650 euros, entre as que destacan as pensións de viuvez, incapacidade permanente ou orfandade, como as prestacións máis precarizadas.

Entre os dous millóns de persoas que se encontran en situación de pobreza extrema, as persoas que cobran pensións non contributivas ocupan o vagón de cola. A súa precariedade ten maioritariamente rostro de muller: **dúas terceiras partes dos e das pensionistas con complementos a mínimo son mulleres**, titulares de pensións de viuvez ou de xubilación miserábeis, consecuencia das particulares condicións salariais e de empregabilidade, de cotizacións máis curtas e bases reguladoras máis baixas. É escandaloso que en plena campaña electoral en Castilla y León o presidente do goberno proclame que a eles váiselles realizar a maior suba da historia, ao prometer aumentarlles un 3% que sairá dos orzamentos do

Estado. En realidade, tamén para eles será a maior baixada que fixo calquera goberno, xa que a suba do IPC foi realmente dun 5,5% e polo tanto van perder un 2,5% de poder adquisitivo.

Finalmente, denunciámos que malia que se recoñece que o Sistema Público de Pensións (SPP) é sólido e viábel, co RD aprobado avánzase cara a privatización das pensións ao converter a Seguridade Social nunha Axencia e abrindo paso a unha segunda etapa da reforma que regulará a súa privatización. **As pensións públicas son un dereito, non un negocio privado.**

Cómpre defender o carácter público e de reparto do SPP e impedir os intentos de privatizalo. Temos que reclamar a mellora inmediata das condicións laborais, derogando dunha vez a Reforma Laboral e subindo o salario mínimo, xa que a precariedade laboral favorece a das pensións. Por todo isto, chamamos as persoas pensionistas e ao conxunto da cidadanía, a mobilizarse este 12 de febreiro, para exixirlles aos que nos gobernan que cumpran de verdade as súas promesas. As leis o mesmo que se aproban pódense derogar e reformar. O Goberno ten a maioría suficiente para legislar en beneficio de todos e non só do poder financeiro.

Chamamos aos pensionistas e toda a cidadanía, a defender unhas pensións dignas, o seu carácter público e unhas condicións de traballo dignas, para **EXIXIR**:

- **Garantir que en 2022 e anos sucesivos o poder adquisitivo das pensións se revalorice en función do incremento do “IPC real” (o “IPC Acumulado Anual”) tal como se viña facendo antes da reforma de 2011, así como a compensar a perda do 3% do poder adquisitivo das pensións do ano 2021.**
- **Garantir que non haxa pensións por debaixo do umbral da pobreza, eliminando a fenda de xénero en salarios e pensións e incrementando a pensión mínima até equipararse ao salario mínimo (SMI), e que este se sitúe no 60% do salario medio, como recomenda a Carta Social Europea.**
- **Garantir pensións públicas dignas xustas e suficientes e o carácter público do Sistema de Pensións, derogando os recortes das reformas de 2011, 2013 y 2021, e rexeitando a privatización total ou parcial do mesmo, baixo calquera fórmula.**

***Asociación Jubilación Anticipada sin penalizar (ASJUBI40),
Coordinadora Estatal en Defensa de las Pensiones Públicas (COESPE),
Movimiento de Pensionistas de Euskal Herria (EHPM),
Movimiento Andaluz en Defensa de las Pensiones Públicas (MADPP),
Movimento Galego en Defensa das Pensiones e os Servizos Públicos (MODEPEN),
Unidad-COESPE
Plataformas de Pensionistas de Badajoz e Móstoles***